

XUÑO 2004

6.- Unha empresa pode levar a cabo un dos tres proxectos que a continuación se indican tendo en conta que a vida útil de cada un deles é de tres anos e os tres supoñen un desembolso inicial de 34.000 euros. Proxecto 1: cobros 50.000, 70.000 e 0 euros; pagos 25.000, 30.000 e 0 euros. Proxecto 2: cobros 20.000, 0 e 70.000 euros; pagos 2.000, 0 e 30.000 euros. Proxecto 3: cobros 70.000, 22.000 e 30.000 euros; pagos 30.000, 20.000 e 35.000 euros.

Pídese: a) Tendo en conta que o custo do diñeiro para a empresa é do 10% anual, indicar cal dos tres proxectos é o máis rendible segundo o criterio do Valor Actual Neto (VAN) (1 pto), b) Indica, segundo o criterio do TIR cal dos tres proxectos sería o elixido. (1 pto), c) Razoar cal das tres inversións é máis conveniente.(0,5 ptos).

SETEMBRO 2004

6.- Unha empresa ten a posibilidade de realizar dúas inversións diferentes cunha duración de dous anos cada unha delas. Inversión A: Comprar maquinaria por un importe de 2.000 u.m., que vai a xerar uns rendementos netos de 1.200 u.m. cada ano. Inversión B: Comprar unha nave nun polígono industrial por 5.000 u.m. e alugala durante dous anos obtendo o primeiro unha renda de 3.000 u.m. e o segundo unha renda de 3.500 u.m..

Pídese:a) Calcular o Valor Actual Neto (VAN) para cada unha das inversións empregando unha taxa de desconto do 12 % (1 pto). b) Calcular a taxa de rendibilidade interna (TIR) dos dous proxectos de inversión (1 pto). c) Razoar cal das dúas inversións é máis conveniente (0,5 ptos).

XUÑO 2005

6.- Unha empresa está sometendo a análise dous proxectos de inversión, dos que ten a seguinte información: o primeiro dos proxectos supón un desembolso inicial de 7.500 u.m. e vai a proporcionar uns ingresos de 6.500 u.m. o primeiro ano e 7.000 u.m. o segundo ano. Os pagos correspondentes a cada ano serían 3.000 e 1.500 u.m. respectivamente.

O segundo proxecto implica un desembolso inicial de 5.000 u.m. e proporciona uns ingresos de 5.500 u.m. o primeiro ano e 7.500 u.m. o segundo, sendo os pagos correspondentes a ditos anos de 2.000 e 3.500 u.m.

Pídese: a) Calcular os fluxos netos de caixa correspondentes ós dous proxectos nos dous anos e a súa taxa de rendibilidade interna (TIR) (1 pto). b) Calcular o valor actual neto (VAN) para os proxectos, tendo en conta que o tipo de xuro é do 8 % (1 pto).c) Razoar cal das dúas inversións é máis conveniente (0,5 ptos).

SETEMBRO 2005

6- A unha empresa que está valorando a posibilidade de realizar unha inversión preséntanselle dúas posibilidades:

Inversión A (desembolso inicial: 1.000, fluxos de caixa: 7.000 e 1.400 o primeiro e segundo ano respectivamente),

Inversión B (desembolso inicial: 1.400, fluxos de caixa: 1.300 e 1.300 o primeiro e segundo ano respectivamente).

Pídese: a) Calcular a taxa de rendibilidade interna (TIR) das dúas inversións (1 pto). b) Sabendo que o tipo de xuro é do 10%, ¿cal é o VAN de cada inversión? (1 pto). c) Interpretar os resultados (0,5 ptos).

SETEMBRO 2006

6.- Unha empresa que se dedica á venda de bicicletas está valorando a posibilidade de realizar un investimento para ampliar o seu negocio. Dito investimento supón un desembolso inicial de 6.000 u.m. e uns fluxos de caixa durante 4 anos de 5.000 u.m o primeiro ano; 12.000 u.m. o segundo ano; 12.000 u.m. o terceiro ano e 12.000 u.m. o cuarto ano.

Pídese: a) Calcular o *Pay-back* ou prazo de recuperación. (1 pto.) b) Calcular o Valor Actual Neto, supoñendo un tipo de desconto do 8%. (1 pto.). c) Explica se é conveniente realizar o investimento proposto. (0,5 ptos.).

XUÑO 2007

1. - Á empresa RUMBO S.A. preséntanselle o seguinte proxecto de investimento de dous anos de duración:

	Desembolso inicial	Cobramentos 1º ano	Cobramentos 2º ano	Pagamentos 1º ano	Pagamentos 2º ano
Proxecto	20000	30000	40000	10000	20000

Determina se a empresa levará a cabo o mencionado proxecto segundo:

- O VAN, se se require unha rendibilidade mínima para a inversión do 12% (1 pto.)
- O TIR, se o custo de capital é do 6%. (1 pto.)
- O Pay-back, se só realiza aqueles investimentos que se recuperan nun máximo de 1 ano. ¿Consideras oportuno aplicar este método? ¿Por que? (0,5 ptos.)

XUÑO 2008

2.- Unha empresa pode levar a cabo un dos dous proxectos que a continuación se indican cunha vida útil cada un deles de dous anos (valores en unidades monetarias).

	Desembolso inicial	Cobramentos 1º ano	Cobramentos 2º ano	Pagamentos 1º ano	Pagamentos 2º ano
Proxecto 1	50000	25000	60000	1000	15000
Proxecto 2	50000	64000	70000	30000	35000

Pídese:

- Tendo en conta que o custo do diñeiro para a empresa é do 10%, calcular o Valor Actual Neto (VAN) de cada un dos proxectos. (1 pto.)
- Calcular o TIR para cada un dos dous proxectos. (1 pto.)
- Razoar cal dos dous investimentos é o máis conveniente. (0,5 ptos.)

SETEMBRO 2008

2.- A unha empresa do sector da construción preséntanselle dúas posibilidades de inversión (as cantidades están en miles de euros):

Investimentos	Desembolso inicial	Fluxo de caixa ano 1º	Fluxo de caixa ano 2º
A	800	500	1000
B	850	500	500

A partir destes datos, pídese:

- Se o tipo de interese é do 10%, ¿que inversión se realizaría segundo o criterio do valor actual neto (VAN)? (1 pto.)
- Calcular a taxa de rendibilidade interna (TIR) dos dous investimentos e explicar cal sería máis aconsellable. (1 pto.)
- Mencionar algún método diferente dos anteriores que permita seleccionar proxectos de investimento e aplicalo á Inversión A. (0,5 ptos.)

XUÑO 2009

2.- Unha empresa analiza dous proxectos de investimento dos que ten a seguinte información (datos en unidades monetarias.):

	Desembolso inicial	Cobramentos 1º ano	Cobramentos 2º ano	Pagamentos 1º ano	Pagamentos 2º ano
Proxecto 1	1000	5000	7000	3500	2500
Proxecto 2	3000	6000	3000	4000	3000

Pídese:

- Calcular a taxa de rendibilidade interna (TIR) de cada un dos proxectos. (1 pto.)
- Calcular o VAN para ambos os dous proxectos, tendo en conta que o tipo de interese é do 9%. (1 pto.)
- Razoar cal dos dous investimentos é máis conveniente. (0,5 pto.)

XUÑO 2010

Supón que formas parte do departamento de investimentos da empresa ROISA e tes que avaliar dous proxectos de investimento coas seguintes características (valores en euros):

	Desembolso inicial	Fluxo de caixa ano 1º	Fluxo de caixa ano 2º
Proxecto 1	20000	15000	9000
Proxecto 2	40000	20000	25000

Pídese:

- 4.1.- Calcular a taxa interna de rendibilidade (TIR) de cada un dos proxectos. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular o VAN para cada un dos proxectos, tendo en conta un tipo de interese do 10 %. (1 pto.)
- 4.3.- Razoar cal dos dous proxectos sería máis conveniente acometer. (0,5 pto.)

SETEMBRO 2010

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Considere os dous seguintes proxectos de investimento:

- Proxecto A: ten un custo inicial de 20.000 euros e require investimentos adicionais de 5.000 euros ao final do primeiro ano e de 15.000 euros ao final do segundo. Este proxecto ten dous anos de vida e xera 20.000 euros anuais de ingresos.

- Proxecto B: ten un custo inicial de 20.000 euros e require unha inversión adicional de 10.000 euros ao final do primeiro ano. Este proxecto ten un ano de vida e xera 32.000 euros de ingresos ao termo do proxecto.

- 4.1.- Supoñendo un tipo de interese de mercado do 5%, determinar o proxecto máis recomendable atendendo ao criterio do VAN. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular a TIR de ambos os dous proxectos. (1 pto.)
- 4.3.- Atendendo ao criterio da TIR, ¿serían executables estes proxectos? Razoar a resposta. (0,5 pto.)

XUÑO 2011

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa ten que decidir se é rendible unha inversión que lle ofrecen para un prazo de dous anos. As características da inversión son as seguintes: desembolso inicial: 12.000 euros; ingresos esperados para o primeiro ano: 12.000 euros; pagamentos previstos para o primeiro ano: 5.000 euros; ingresos esperados para o segundo ano: 8.000 euros; pagamentos previstos no segundo ano: 2.000 euros. Sabendo que o tipo de interese do capital é do 4 %, Pídese:

Pídese:

- 4.1.- Calcular o VAN da inversión. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular a TIR da inversión. (1 pto.)
- 4.3.- Comentar os resultados obtidos nos apartados anteriores. (0,5 pto.)

XUÑO 2012

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa ten que decidir se é rendible unha inversión que lle ofrecen para dous anos. As características da inversión son: desembolso inicial 12.000 euros; fluxo de caixa esperado do primeiro ano 7.000 euros; fluxo de caixa esperado do segundo ano 6.000 euros. Sabendo que o tipo de interese do capital é do 8%, pídese:

4.1.- Calcular o VAN da inversión. (1 pto.)

4.2.- Calcular a TIR da inversión. (1 pto.)

4.3.- De acordo cos resultados obtidos nos apartados anteriores, ¿resultaría recomendable a inversión? Xustifica a resposta. (0,5 ptos.)

XUÑO 2013

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Considera un proxecto de investimento de dous anos de duración que require un desembolso inicial de 5.000 euros. Nos dous anos xerará uns fluxos de caixa de 2.000 euros e 4.000 euros respectivamente. Sabendo que o tipo de desconto aplicable é do 9%,

Pídese:

4.1.-Calcular o VAN o investimento. (1 pto.)

4.2.-Calcular o TIRdo proxecto. (1 pto.)

4.3. -É efectuable o devandito investimento segundo o criterio do TIR? Xustifica a resposta. (0,5 ptos.)

XUÑO 2014

3. -Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A un empresario preséntanselle dúas alternativas de inversión:

Proxecto A: Supón un desembolso inicial de 400.000 euros, ten unha duración de dous anos e xera uns fluxos de caixa de 200.000 euros o primeiro ano e 218.400 euros o segundo.

Proxecto B: Colocar os 400.000 euros nun depósito bancario a prazo fixo a 2 anos, cunha rendibilidade anual garantida do 5%.

Pídese:

3.1. -Calcular o TIR do Proxecto A. (1 pto.)

3.2. -Calcular o VAN do Proxecto A para unha taxa de desconto do 5%. (1 pto.)

3.3. -Razoar cál das dúas alternativas é máis conveniente para o empresario atendendo ao criterio da rendibilidade. (0,5 ptos.)

SETEMBRO 2014

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A unha empresa dedicada á fabricación de taboleiros preséntaselle a posibilidade de realizar un proxecto de investimento coas seguintes características: duración do proxecto: 2 anos; inversión inicial: 165.000 euros, custo do diñeiro: 6% anual. Fluxos netos de caixa esperados: 67.000 euros no primeiro ano e 120.100 euros no segundo ano.

Pídese:

4.1.-Calcular o Valor Actual Neto da inversión. (1 pto.)

4.2. -Calcular o TIR da inversión. (1 pto.)

4.3. -Calcular o prazo de recuperación e razoar se o proxecto se debe levar adiante tendo en conta os criterios utilizados neste apartado e nos apartados anteriores. (0,5 ptos.)

XUÑO 2015

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A unha empresa fórmulaselle a posibilidade de realizar un proxecto de investimento das seguintes características (valores en euros)

Desembolso inicial	Fluxos netos de caixa	
	Ano 1	Ano 2
840.000	400.000	492.600

4.1.-Calcular a Taxa Interna de Rendibilidade do proxecto. (1 pto.)

4.2.-Calcular o Valor Actual Neto da inversión para un tipo de desconto do 6%. (1 pto.)

4.3.-Comenta a viabilidade do proxecto baseándote nos resultados dos apartados anteriores. (0,5 ptos.)

SETEMBRO 2015

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha determinada empresa ten que decidir sobre a oportunidade de levar a cabo un proxecto de investimento que supón realizar un desembolso inicial de 8 millóns de euros. O proxecto ten unha duración estimada de dous anos e a empresa estima que o devandito proxecto lle proporcionará uns fluxos netos de caixa de 4 millóns o primeiro ano e de 5 millóns o segundo ano.

Pídese:

4.1.-Calcular a Taxa Interna de Rendibilidade (TIR) do proxecto. (1 pto.)

4.2.-Calcular o Valor Actual Neto (VAN) do proxecto se o custo do diñeiro é do 12 %. (1 pto.)

4.3.-Tomando como referencia os resultados dos apartados anteriores, valorar a conveniencia ou non de levar a cabo o devandito proxecto. (0,5 ptos.)